

Queridas familias:

A nosa sociedade necesita seguir afondando en valores que lle axuden a ser cada vez máis humana.

Este ano, o noso lema "ATRÉVETE", ten moito que ver coa solidariedade. Convidáanos a movernos cara a fóra e dentro, a mirar no noso interior e colaborar de maneira activa coas persoas máis fráxiles.

Pedimos ao NENO DE BELÉN que naza nos nosos corazóns e os encha de ledicia, paz e esperanza.

## **ACTIVIDADES DO NADAL**

Do 1 ao 22 de decembro

- ✚ Campaña de recollida de alimentos (ver anexo).

Do 1 ao 16 de decembro

- ✚ Concurso de Estrelas de Belén (ver anexo).

Día 20 de decembro

- ✚ 9:30 Festival de Nadal para alumnado e entrega de premios do concurso de Estrelas de Belén.
- ✚ 19.30 Festival de Nadal para familias EI/ESO/FPB

Día 21 de decembro

- ✚ 19.30 Festival de Nadal para familias E. Primaria
- ✚ 20.30 Cea solidaria.

Bendición da cea a cargo dos Grupos Divino Maestro.

Os tickets recolleranse en portaría dende o 12 ata o 20 de decembro e terán unha aportación de 3 €. Deberá indicarse no intre da compra se ten algún tipo de intolerancia ao glute ou á lactosa.

## **Cualificacións e período de vacacións**

Os boletíns de cualificacións da primeira avaliación estarán dispoñibles en Esemtia o día 22 de decembro. As vacacións de Nadal comprenderán dende o 23 de decembro ao 8 de xaneiro ámbolos dous inclusive (o 22 haberá servizo de atención temperá e comedor; non haberá ludoteca nin espazo de Estudo). O reinicio das clases no horario habitual será o luns 9 de xaneiro.

“La Navidad se acerca. Vamos a conmemorar el más sublime acontecimiento que han presenciado los siglos desde el día de la creación. Jesús vuelve a nacer en nuestra alma cada día, impregnándonos de su espíritu, su amor y su vida reproduciendo en nosotros su imagen viva”.  
Francisco Blanco Nájera

Unha aperta,

O Equipo Directivo

